

## CONCELLO DE PONTEVEDRA

### DECRETO DA CONCELEIRA RESPONSABLE DA ÁREA DE URBANISMO, PROMOCIÓN ECONÓMICA, EMPREGO E TURISMO RELATIVO Á CORRECCIÓN DE ERRO DETECTADO NA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 24/07/2018, POLA QUE SE DETERMINABA A AMPLIACIÓN DO HORARIO DE RETIRADA DOS VELADORES CON OCASIÓN DAS FESTAS DE VERÁN.

En data 24/07/2018, a Concelleira de Goberno responsable da Área de Urbanismo, Promoción Económica, Emprego e Turismo do Concello de Pontevedra, no exercicio das atribucións que lle atribúe a lexislación en materia de réxime local, ditou un decreto polo que se determinaba a ampliación do horario de retirada dos veladores con ocasión das festas de verán, cuxo texto íntegro pódese consultar na sede electrónica do Concello de Pontevedra ([www.sede.pontevedra.gal](http://www.sede.pontevedra.gal))

Detectado un erro no contido do mesmo, en data 06/08/2018, a Concelleira de Goberno responsable da Área de Urbanismo, Promoción Económica, Emprego e Turismo dita un novo decreto, cuxa parte resolutiva se transcribe a continuación, e cuxo contido íntegro pode comprobarse na sede electrónica do Concello de Pontevedra:

**"(...)Primeiro.-** Corrixir o erro detectado na resolución de alcaldía de data 24/07/2018, de ampliación do horario de retirada de veladores con ocasión das festas de verán, e no punto primeiro da resolución, **onde pon** *"... Determinar, ao abeiro do disposto no artigo 22 da vixente Ordenanza municipal reguladora da instalación de veladores (mesas e cadeiras) na vía pública, que o horario de retirada e peche dos veladores se amplíe en media hora os venres, sábados e vésperas de festivo, con ocasión e durante o período de festas do verán que vai dende o día 25 de xullo ata o día 2 de setembro (celebración da Feira Franca), e, asemade, que o horario de retirada dos veladores se amplíe noutra media hora máis, tódolos días, durante o período referido, ao abeiro do disposto no art. 23 da Ordenanza, de tal xeito que o horario de retirada e peche, no período de festas, será ás 02:00 horas, ampliándose ata as 02:30 horas os venres, sábados e vésperas de festivo..."*, **debe poñer**, *"... Determinar, ao abeiro do disposto no artigo 22 da vixente Ordenanza municipal reguladora da instalación de veladores (mesas e cadeiras) na vía pública, que o horario de retirada e peche dos veladores se amplíe en media hora os venres, sábados, **domingos** e vésperas de festivo, con ocasión e durante o período de festas do verán que vai dende o día 25 de xullo ata o día 2 de setembro (celebración da Feira Franca), e, asemade, que o horario de retirada dos veladores se amplíe noutra media hora máis, tódolos días, durante o período referido, ao abeiro do disposto no art. 23 da Ordenanza, de tal xeito que o horario de retirada e peche, no período de festas, será ás 02:00 horas, ampliándose ata as 02:30 horas os venres, sábados, **domingos** e vésperas de festivo..."*, manténdose os restantes extremos da resolución modificada sen alteración algunha.

**Segundo.-** Dar conta da presente resolución ao Servizo de Disciplina Urbanística, Medio ambiental e Policía Administrativa e á Policía Local para o seu coñecemento e oportunos efectos, e publicar o anuncio da ampliación do horario decretada na web municipal, na sede electrónica do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.(...)

Pontevedra, 07 de agosto de 2018

A concelleira de goberno responsable da Área de Urbanismo, Promoción Económica, Emprego e Turismo.  
Asinado Anabel Gulías Torreiro

